

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 20 DE ABRIL DE 2022**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PEREZ RIOLA

CARMELA PRIETO CAL

MAGDALENA PEREZ VILLAR

JESUS ROMERO CARRACELAS

ERMITAS GARCIA RIOS

MANUEL MARTINEZ LOPEZ

LUIS RUBIDO RAMONDE

ESTEBAN BLANCO GARROTE

MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS

AUSENTES:

Escusan a súa asistencia os Concelleiros:

ESTHER COUTO LAMIGUEIRO

MARIA JOSE RODRIGUEZ PEREZ

MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR:

FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VAZQUEZ

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 10:19 horas do día 20 de abril de 2022, reúnen os membros do Concello Pleno arriba relacionados co obxecto de realizar sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020. Actúa como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

O Sr. Alcalde di: Esta é a mesma proposta que se levou ao Pleno anterior. Quedamos que íamos facer unha revisión. Eu falei cos dous portavoces, Luís e María, para dicirlles que íamos volver a levar a mesma porque o que precisamos agora é aprobala para adaptarnos á lei canto antes. E ademais o Sr. Interventor comentoume que hai un diñeiro este ano que está metido nos orzamentos como ingresos que nos poden afectar aos orzamentos. No caso de que se queira facer unha modificación, hai que traer unha proposta. Todos estamos dispostos a escoitarnos e a falar. Entón, pídolle á Sra. Secretaria que resuma o máximo posible a proposta porque xa se leu no outro Pleno. Se queredes que se lea, non hai problema.

Pola Secretaria dáse lectura en estrato ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 28 de marzo de 2022, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 23.03.2022, que dí:

**“ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA
EXP: 2022/G015/000001**

Vista a Memoria de Alcaldía e os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para aprobar e tamén modificar os impostos municipais, sendo a ordenanza o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Atendendo a que a modificación que se propón supón a adaptación da Ordenanza reguladora a nova redacción do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, tras as modificacións realizadas polo Real Decreto lei 26/2021, do 8 de novembro para a adaptación do texto normativo á Sentenza do Tribunal Constitucional 182/2021, de 26 de outubro de 2021, respecto do IIVTNU.

Considerando que de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a modificación proposta regula aspectos parciais dunha materia (Informe da Dirección Xeral de Tributos, de 19 de enero de 2018, sobre o impacto da Lei 39/2015 no procedemento de aprobación das ordenanzas fiscais).

Considerando que a modificación responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2º de xeito que quede redactado como

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

segue:

Artigo 2º

Está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos do devandito Imposto sobre Bens Inmóbles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no padrón daquel. Para os efectos deste imposto, estará así mesmo suxeito a este o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 3.º

Non estarán suxeitos a este imposto:

a) O incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.

b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns

c) As transmisións de bens inmóbles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

d) As achegas ou transmisións de ben inmóbles efectuadas á Sociedade de xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria , S.A., así como as achegas ou transmisións realizadas pola mesma, nos termos regulados no artigo 104.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

e) Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales o suxeito pasivo do imposto acredite a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición

Para elo, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do TRLRFL.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras do parágrafo anterior tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do período de tempo ao longo do que se ten posto de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 2 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 4º.-

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos seguintes actos:

a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos ditos inmobles.

Para desfrutar desta exención, que será rogada, deberá acreditarse a declaración individual de ben de interese cultural ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora ou rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente.

Terán a consideración de obras de conservación, mellora ou rehabilitación aos efectos da presente exención, as seguintes:

- 1. de rehabilitación ou reconstrución total.*
- 2. de conservación ou mellora, sempre que o importe destas obras supere o 30 por 100 do valor de construción do inmovible a efectos do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, correspondente ó ano de conclusión da obra.*

Os servizos técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio e a adecuación das obras aos requisitos exixidos para a concesión da exención. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado ao seu cargo as obras.

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobouse o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figurase empadroadado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se o devandito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.

CUARTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7º de xeito que quede redactado como sigue:

Artigo 7º.-

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos.

2. Para determinar a base imponible aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo, determinado conforme o disposto nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12 desta ordenanza, os coeficientes máximos previstos no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladoras das Facendas Locais coas actualizacións vixentes en cada momento realizadas mediante norma con rango legal, podendo levarse a cabo esa actualización mediante as leis de orzamentos xerais do Estado.

3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 3.e) da presente ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

QUINTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8º de xeito que quede redactado como sigue:

Artigo 8.-

Para os efectos de determinar o período de tempo en que se xere o incremento de valor, tomaranse tan só os anos completos transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo de que se trate ou da constitución ou transmisión igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

dominio sobre o mesmo e a produción do feito imponible deste imposto, sen que se teñan en consideración as fraccións de ano.

No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, se prorrateará o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter conta das fraccións inferiores ao mes.

SEXTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9º de xeito que quede redactado como sigue:

Artigo 9.-

Nas transmisións de terreos de natureza urbana considérase como valor dos mesmos ao tempo do devengo deste imposto o que teñan fixado en dito momento para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóviles.

No obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexe modificacións no planeamento aprobadas con posterioridade a aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme o mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez sexa obtida conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento da devindicación do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ó momento da devindicación.

SÉTIMO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 10º de xeito que quede redactado como sigue:

Artigo 10º.-

Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio sobre terreos de natureza urbana, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

OITAVO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 14º de xeito que quede redactado como sigue:

Artigo 14º.-

1. Gozarán de bonificación nas cotas deste imposto que se devindiquen nas transmisións de terreos ou na transmisión e constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, segundo a escala que se contén no apartado seguinte.

2. As bonificacións da cota a que se refire o apartado anterior aplicaranse segundo a seguinte escala:

<i>Cota Tributaria</i>	<i>Bonificación</i>
<i>Ata 10.000 euros</i>	<i>95 por 100</i>

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

De 10.000,01 euros ata 20.000 euros	90 por 100
máis de 20.000 euros	85 por 100

3. A cota tributaria para aplicación da escala de bonificación computarase pola totalidade de inmobles obxecto da transmisión lucrativa a liquidar.

NOVENO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

DÉCIMO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Recordamos que na proposta de modificación en ningún caso hai un incremento da taxa, polo tema da plusvalía.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós ímonos abster e postergamos o debate para esa posible modificación.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e tres (3) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

2. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MC 10 2022 CE 01 2022 SC 01 2022

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 13 de abril de 2022, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía do 08.04.2022, que dí:

“**Expediente:** 2022/G006/000102

Asunto: Modificación de crédito modalidade crédito extraordinario/ suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais 2021. MC 10 2022 CE 01 2022 SC 01 2022.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son créditos extraordinarios/suplementos de crédito aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ampliarse. No caso de inexistencia de crédito, a modificación denominarase créditos extraordinarios. No caso de insuficiencia do crédito estaremos ante un suplemento de crédito. As anteditas modificacións pódense financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2021, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 65/2022, do 08 de febreiro de 2022, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de **2.778.452,08 euros**.

Visto que dentro das primeiras finalidades do remanente de tesourería é atender as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2020 e a redución do endebedamento neto. Sendo que o Concello non conta con débeda financeira que compute aos efectos do Protocolo déficit excesivo e non existen obrigas recoñecidas no exercicio anterior pendentes de pago.

Visto que os gastos propostos para os cales se propón a modificación, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito no Orzamento (créditos extraordinarios) ou o crédito previsto é insuficiente (suplemento de crédito) son os que se sinalan deseguido:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	TIPO	DESCRICIÓN	
160	62900	Saneamento. Outras inversións novas	70.664,56	SC	Nova rede de pluviais e ampliación de beirarrúas na rúa Regueiro
160	62900	Saneamento. Outras inversións novas	34.948,79	SC	Nova rede de saneamento e abastecemento de auga na Ribeira
336	63300	Protección e xestión do patrimonio. Maquinaria, instalacións e utillaxe	538,45	SC	Substitución telefonía con decodificador no Escolar de San Román
165	60900	Alumbrado Publico. Otr.inv.infr.y b.uso gral	11.100,00	SC	Nova iluminación Fernando Lago camiño Ribeira e Cemiterio Municipal ao Espiño.
454	61900	Admón. Xeral de deportes. Otr.inver.reposic.infraes	57.704,90	CE	Arranxo de pista no Barral
165	61900	Alumbrado Publico. Otr.inver.reposic.infraes	7.289,04	SC	Compra de postes de formigón para mantemento eléctrico
165	61900	Alumbrado Publico. Otr.inver.reposic.infraes	6.708,37	SC	Iluminación arriba da Ponte, Acea e Centro da Area
1532	61900	Pavimentación de vías públicas. Otr.inver.reposic.infraes	16.101,66	SC	Aumento de beirarrúas na r/ Cuartel
3232	63200	Gastos funcionamento educación preescolar e infantil. Edificios e outras construcións.	29.942,17	SC	Pavimento de formigón Patio Areal cole Nicolás del Río

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

454	61900	Camiños veciñais Otr.inver.reposic.infraes	3.569,50	CE	Acondicionamento pista en Montoxo
133	62500	Ordenación del tráfico- Sinalización Viaria	4.723,68	SC	Compra de sinais
933	63300	Xestión do patrimonio. Maquinaria, instalacións e utilaxe	3.400,10	SC	Reparación conductos ventilación auditorio municipal.
1532	60900	Pavimentación de vías públicas. Outras inver. en infraestruturas e bens uso xeral	19.904,50	SC	Asfaltado aparcamento instituto + beirarrúa
1532	60900	Pavimentación de vías públicas. Outras inver. en infraestruturas e bens uso xeral	9.873,00	SC	Asfaltado aparcamento ao lado do pumptrack
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	9.732,03	SC	Execución de pavimento no Escolar de San Román
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	2.722,50	SC	Execución de muro de formigón armado no Escolar de San Román
1532	61900	Pavimentación de vías públicas	6.991,38	SC	Reparación de acceso a vivendasna rúa Forjas
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	8.687,80	SC	Reparación interior escolar de San Román
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	1.887,60	SC	Adaptación entrada mobilidade escolar de San Román
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	9.100,00	SC	Reforma primeira planta escolar de San Román para adaptación a vivenda
165	61900	Alumbrado Publico Otr.inver.reposic.infraes	5.877,82	SC	Reposición de canalización eléctrica en Rúa Villa México e Parque Floreal
459	60900	Outras infraestruturas. Ot.inv.infr.y b.uso gral	4.743,20	CE	Muro escollera talud en Mundín
453	61900	Estradas. Otr.inver.reposic.infraes	12.390,40	CE	Aglomerado en Montoxo - A Carballa
454	61900	Camiños veciñais. Otr.inver.reposic.infraes	9.970,40	CE	Pista de zahorra en San Román
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios Industriais	16.000,00	SC	Escaleira e pasamáns escolar de Saa.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

459	63200	Outras infraestruturas. Edificios e outras construcións	2.712,57	CE	Baños San Andrés
933	63200	Xestión do patrimonio. Edificios e outras construcións	47.660,98	SC	Exceso medicións Rehabilitación Casa Avelino Fase I. (2020 2 POS+ 1)
933	63200	Xestión do patrimonio. Edificios e outras construcións	16.388,30	SC	Exceso medicións Rehabilitación Casa Avelino Fase II. (2020 2 POS+ 2)
459	61900	Outras infraestruturas. Edificios e outras construcións	10.769,00	CE	Ponte sobre o río Condomiñas
171	22799	Parques e xardíns. Otr. traballos realizados por otr empresas.	7.200,00	SC	Podas árbores Camiño Real da Madalena
1621	62500	Recollida de residuos. Mobiliario.	4.000,00	SC	Contenedores
342	63200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	2.789,05	SC	Tarima flotante para a sala de usos múltiples do polideportivo
342	62500	Instalacións deportivas. Mobiliario.	4.218,91	SC	Subministro e instalación de 150 asentos con respaldo no campo de fútbol
342	62300	Instalacións deportivas. Maquinaria	4.139,83	SC	Subministro de marcador para o Campo de Fútbol de 1900x115x90 mm
342	62200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	11.659,58	SC	Viseira pasillo lateral pistas de pádel
342	62200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	22.404,34	SC	Zapata nova pista de pádel
342	62900	Instalacións deportivas. Outras inversións novas	15.000,00	SC	Redes parabalóns campo de fútbol
342	62900	Instalacións deportivas. Outras inversións novas	15.057,48	SC	Lonas retráctiles para pistas de pádel +lonas banquetillos campo de fútbol
342	63200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	5.300,00	SC	Pintado pistas pádel cemento
338	22799	Festas populares e festexos. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	130.000,00	SC	Festas Patronais
334	22799	Promoción cultural. Actividades Culturais.	4.000,00	SC	Festival "Ópera Estudio"
933	63300	Xestión do patrimonio. Maquinaria, instalacións e utillaxe	8.500,00	SC	Iluminación auditorio

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

3321	62500	Bibliotecas públicas. Mobiliario.	7.011,00	SC	Mobiliario sala infantil e sala de lectura biblioteca
933	62500	Xestión do patrimonio. Mobiliario.	18.308,21	SC	Mobiliario Pazo de Moscoso
933	62500	Xestión do patrimonio. Mobiliario.	6.316,00	SC	Cortinas Pazo de Moscoso
1621	62500	Recollida de residuos. Mobiliario	6.390,30	SC	Papeleiras
1623	22799	Tratamento de residuos. Outros traballos realizados por outras empresas y profesionais.	4.218,39	SC	Actuacións en materia de biorresiduos.
450	22706	Admon xeral Infr. Estudos y traballos técnicos Proxectos	17.908,00	SC	Inventario de Camiños Municipais
454	63500	Camiños veciñais. Mobiliario reposición	1.536,70	CE	Arranxo Marquesina na Bouza
312	62300	Servicios asistenciais e centros de saúde. Maquinaria, instalacións e utillaxe.	3.536,39	SC	2 desfibriladores + cabinas Aivia con alarma
920	62600	Adm. Xeral. Equipos para procesos de información	1.240,80	SC	Equipamento oficina Pazo de Moscoso
337	22799	Instalacións de ocupación do tempo libre. Outros traballos realizados por otr. empresas e profesionais	15.943,67	SC	Xestión Centro de Ocio
3232	62500	Centro de educación infantil e primaria. Mobiliario	25.514,67	SC	Xogo infantil de Madeira para patio de area no cole Nicolás del Río
337	62500	Instalacións de ocupación de tempo libre. Mobiliario	1.800,00	SC	Cortinas Centro de Ocio
336	22799	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Outros traballos	18.000,00	SC	Escavación Campo do Castro
336	22706	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Estudos e traballos técnicos	3.000,00	SC	Libro de Arqueoloxía
432	62500	Información y promoción turística. Mobiliario	5.142,50	CE	Letras en grande imaxe corporativa Cedeira
432	48900	Información y promoción turística. Outras transferencias	19.920,00	SC	Achega Asociación Xestión do Xeoparque de Cabo Ortegal.
341	22799	Promoción e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	23.558,67	SC	Servizo monitor deportivo multidisciplinar
341	22799	Promoción e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	23.326,38	SC	Servizo técnico deportivo

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

3231	22700	Funcionamento de centros docentes. Limpeza e aseo.	17.662,48	SC	Servizo limpeza gardaría.
3232	22700	Funcionamento de centros docentes. Limpeza e aseo.	16.416,32	SC	Servizo limpeza colexio.
920	22700	Adm. Xeral. Limpeza e aseo	8.319,36	SC	Servizo limpeza Baños públicos.
450	13100	Adm. Xeral de infraestruturas. Persoal Laboral temporal	8.930,23	SC	Achega municipal PEL
450	16000	Adm. Xeral de infraestruturas. Seguridade Social	3.069,77	SC	Achega municipal PEL
450	14300	Adm. Xeral de infraestruturas. Outro persoal	12.990,27	SC	Achega municipal APROL
450	16000	Adm. Xeral de infraestruturas. Seguridade Social	646,13	SC	Achega municipal APROL
1622	62300	Xestión residuos sólidos urbanos. Maquinaria	15.204,28	SC	Achega Municipal Punto limpo móbil.
171	60900	Parques e xardíns. Outras inversións novas	30.730,88	SC	Achega municipal Cubrición parque infantil o Floreal
459	63200	Outras infraestruturas. Edificios e outras construcións	8.253,58	CE	Corrección impactos paisaxísticos Fontes e Lavadoiros
454	61900	Camiños municipais. Outras inversións de reposición	623,34	CE	Achega municipal Agader 2022-2023
231	48000	Asistencia social primaria. A familias e inst. sen fins lucrativos.	20.000,00	SC	Axudas emerxencia social
336	22799	Xestión Patrimonio Histórico- Artístico. Outros traballos.	5.000,00	SC	Restauración de pezas de madeira do legado de Rafael Usero.
450	68100	Adm. Xeral de infraestruturas. Inversións en bens patrimoniais Terreos.	18.176,64	CE	Compra terreo en Crónicas
450	68100	Adm. Xeral de infraestruturas. Inversións en bens patrimoniais Terreos.	6.277,44	CE	Compra terreo colídate cemiterio Régoa
454	61900	Camiños municipais. Outras inversións de reposición	19.496,16	CE	Achega municipal Mellora de firmes nos lugares de Santallamar, Cordobelas, Magoira e Os Candales.
341	22799	Promoción e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	2.000,00	SC	Gala do deporte.
340	22606	Adm. Xeral de deportes.. Organización cursos.	2.000,00	SC	Curso monitor de básquet.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

231	22799	Asistencia social primaria. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	18.000,00	SC	Campamento de verán
338	48000	Festas populares. Transferencias a familias e inst. sen fins lucrativos	5.000,00	SC	Premios regata de traiñeiras
TOTAL			1.097.840,45 €		

Visto que o presente expediente de crédito extraordinario finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2021, por importe total de 1.097.840,45 €.

Visto o informe favorable de Intervención de data 8 de abril de 2022.

Sobre a base de todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 8º das Bases de Execución do Orzamento, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose:

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA		DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	TIPO	DESCRIPCIÓN
160	62900	Saneamento. Outras inversións novas	70.664,56	SC	Nova rede de pluviais e ampliación de beirarrúas na rúa Regueiro
160	62900	Saneamento. Outras inversións novas	34.948,79	SC	Nova rede de saneamento e abastecemento de auga na Ribeira
336	63300	Protección e xestión do patrimonio. Maquinaria, instalacións e utillaxe	538,45	SC	Substitución telefonía con decodificador no Escolar de San Román
165	60900	Alumbrado Público. Otr.inver.infr.y b.uso gral	11.100,00	SC	Nova iluminación Fernando Lago camiño Ribeira e Cemiterio Municipal ao Espiño.
454	61900	Admón. Xeral de deportes. Otr.inver.reposic.infraes	57.704,90	CE	Arranxo de pista no Barral
165	61900	Alumbrado Público. Otr.inver.reposic.infraes	7.289,04	SC	Compra de postes de formigón para mantemento eléctrico
165	61900	Alumbrado Público. Otr.inver.reposic.infraes	6.708,37	SC	Iluminación arriba da Ponte, Acea e Centro da Area
1532	61900	Pavimentación de vías públicas. Otr.inver.reposic.infraes	16.101,66	SC	Aumento de beirarrúas na r/ Cuartel

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

3232	63200	Gastos funcionamento educación preescolar e infantil. Edificios e outras construcións.	29.942,17	SC	Pavimento de formigón Patio Areal cole Nicolás del Río
454	61900	Camiños veciñais Otr.inver.reposic.infraes	3.569,50	CE	Acondicionamento pista en Montoxo
133	62500	Ordenación del tráfico-Sinalización Viaria	4.723,68	SC	Compra de sinais
933	63300	Xestión do patrimonio. Maquinaria, instalacións e utillaxe	3.400,10	SC	Reparación conductos ventilación auditorio municipal.
1532	60900	Pavimentación de vías públicas. Outras inver. en infraestruturas e bens uso xeral	19.904,50	SC	Asfaltado aparcamento instituto + beirarrúa
1532	60900	Pavimentación de vías públicas. Outras inver. en infraestruturas e bens uso xeral	9.873,00	SC	Asfaltado aparcamento ao lado do pumptrack
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	9.732,03	SC	Execución de pavimento no Escolar de San Román
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	2.722,50	SC	Execución de muro de formigón armado no Escolar de San Román
1532	61900	Pavimentación de vías públicas	6.991,38	SC	Reparación de acceso a vivendasna rúa Forjas
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	8.687,80	SC	Reparación interior escolar de San Román
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	1.887,60	SC	Adaptación entrada mobilidade escolar de San Román
336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios e outras construcións	9.100,00	SC	Reforma primeira planta escolar de San Román para adaptación a vivenda
165	61900	Alumbrado Publico Otr.inver.reposic.infraes	5.877,82	SC	Reposición de canalización eléctrica en Rúa Villa México e Parque Floreal
459	60900	Outras infraestruturas. Ot.inv.infr.y b.uso gral	4.743,20	CE	Muro escollera talud en Mundín
453	61900	Estradas. Otr.inver.reposic.infraes	12.390,40	CE	Aglomerado en Montoxo - A Carballa
454	61900	Camiños veciñais. Otr.inver.reposic.infraes	9.970,40	CE	Pista de zahorra en San Román

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

336	63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Edificios Industriais	16.000,00	SC	Escaleira e pasamáns escolar de Saa.
459	63200	Outras infraestruturas. Edificios e outras construcións	2.712,57	CE	Baños San Andrés
933	63200	Xestión do patrimonio. Edificios e outras construcións	47.660,98	SC	Exceso medicións Rehabilitación Casa Avelino Fase I. (2020 2 POS+ 1)
933	63200	Xestión do patrimonio. Edificios e outras construcións	16.388,30	SC	Exceso medicións Rehabilitación Casa Avelino Fase II. (2020 2 POS+ 2)
459	61900	Outras infraestruturas. Edificios e outras construcións	10.769,00	CE	Ponte sobre o río Condomiñas
171	22799	Parques e xardíns. Otr. traballos realizados por otr empresas.	7.200,00	SC	Podas árbores Camiño Real da Madalena
1621	62500	Recollida de residuos. Mobiliario.	4.000,00	SC	Contenedores
342	63200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	2.789,05	SC	Tarima flotante para a sala de usos múltiples do polideportivo
342	62500	Instalacións deportivas. Mobiliario.	4.218,91	SC	Subministro e instalación de 150 asentos con respaldo no campo de fútbol
342	62300	Instalacións deportivas. Maquinaria	4.139,83	SC	Subministro de marcador para o Campo de Fútbol de 1900x115x90 mm
342	62200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	11.659,58	SC	Viseira pasillo lateral pistas de pádel
342	62200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	22.404,34	SC	Zapata nova pista de pádel
342	62900	Instalacións deportivas. Outras inversións novas	15.000,00	SC	Redes parabolóns campo de fútbol
342	62900	Instalacións deportivas. Outras inversións novas	15.057,48	SC	Lonas retráctiles para pistas de pádel +lonas banquetillos campo de fútbol
342	63200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	5.300,00	SC	Pintado pistas pádel cemento
338	22799	Festas populares e festexos. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	130.000,00	SC	Festas Patronais
334	22799	Promoción cultural. Actividades Culturais.	4.000,00	SC	Festival "Ópera Estudio"

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

933	63300	Xestión do patrimonio. Maquinaria, instalacións e utillaxe	8.500,00	SC	Iluminación auditorio
3321	62500	Bibliotecas públicas. Mobiliario.	7.011,00	SC	Mobiliario sala infantil e sala de lectura biblioteca
933	62500	Xestión do patrimonio. Mobiliario.	18.308,21	SC	Mobiliario Pazo de Moscoso
933	62500	Xestión do patrimonio. Mobiliario.	6.316,00	SC	Cortinas Pazo de Moscoso
1621	62500	Recollida de residuos. Mobiliario	6.390,30	SC	Papeleiras
1623	22799	Tratamento de residuos. Outros traballos realizados por outras empresas y profesionais.	4.218,39	SC	Actuacións en materia de biorresiduos.
450	22706	Admon xeral Infr. Estudos y traballos técnicos Proxectos	17.908,00	SC	Inventario de Camiños Municipais
454	63500	Camiños veciñais. Mobiliario reposición	1.536,70	CE	Arranxo Marquesina na Bouza
312	62300	Servicios asistenciais e centros de saúde. Maquinaria, instalacións e utillaxe.	3.536,39	SC	2 desfibriladores + cabinas Aivia con alarma
920	62600	Adm. Xeral. Equipos para procesos de información	1.240,80	SC	Equipamento oficina Pazo de Moscoso
337	22799	Instalacións de ocupación do tempo libre. Outros traballos realizados por otr. empresas e profesionais	15.943,67	SC	Xestión Centro de Ocio
3232	62500	Centro de educación infantil e primaria. Mobiliario	25.514,67	SC	Xogo infantil de Madeira para patio de area no cole Nicolás del Río
337	62500	Instalacións de ocupación de tempo libre. Mobiliario	1.800,00	SC	Cortinas Centro de Ocio
336	22799	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Outros traballos	18.000,00	SC	Escavación Campo do Castro
336	22706	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Estudos e traballos técnicos	3.000,00	SC	Libro de Arqueoloxía
432	62500	Información y promoción turística. Mobiliario	5.142,50	CE	Letras en grande imaxe corporativa Cedeira
432	48900	Información y promoción turística. Outras transferencias	19.920,00	SC	Achega Asociación Xestión do Xeoparque de Cabo Ortegal.
341	22799	Promoción e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	23.558,67	SC	Servizo monitor deportivo multidisciplinar

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

341	22799	Promoción e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	23.326,38	SC	Servizo técnico deportivo
3231	22700	Funcionamento de centros docentes. Limpeza e aseo.	17.662,48	SC	Servizo limpeza gardaría.
3232	22700	Funcionamento de centros docentes. Limpeza e aseo.	16.416,32	SC	Servizo limpeza colexio.
920	22700	Adm. Xeral. Limpeza e aseo	8.319,36	SC	Servizo limpeza Baños públicos.
450	13100	Adm. Xeral de infraestruturas. Persoal Laboral temporal	8.930,23	SC	Achega municipal PEL
450	16000	Adm. Xeral de infraestruturas. Seguridade Social	3.069,77	SC	Achega municipal PEL
450	14300	Adm. Xeral de infraestruturas. Outro persoal	12.990,27	SC	Achega municipal APROL
450	16000	Adm. Xeral de infraestruturas. Seguridade Social	646,13	SC	Achega municipal APROL
1622	62300	Xestión residuos sólidos urbanos. Maquinaria	15.204,28	SC	Achega Municipal Punto limpo móbil.
171	60900	Parques e xardíns. Outras inversións novas	30.730,88	SC	Achega municipal Cubrición parque infantil o Floreal
459	63200	Outras infraestruturas. Edificios e outras construcións	8.253,58	CE	Corrección impactos paisaxísticos Fontes e Lavadoiros
454	61900	Camiños municipais. Outras inversións de reposición	623,34	CE	Achega municipal Agader 2022-2023
231	48000	Asistencia social primaria. A familias e inst. sen fins lucrativos.	20.000,00	SC	Axudas emerxencia social
336	22799	Xestión Patrimonio Histórico- Artístico. Outros traballos.	5.000,00	SC	Restauración de pezas de madeira do legado de Rafael Usero.
450	68100	Adm. Xeral de infraestruturas. Inversións en bens patrimoniais Terreos.	18.176,64	CE	Compra terreo en Crónicas
450	68100	Adm. Xeral de infraestruturas. Inversións en bens patrimoniais Terreos.	6.277,44	CE	Compra terreo colidante cemiterio Régoa
454	61900	Camiños municipais. Outras inversións de reposición	19.496,16	CE	Achega municipal Mellora de firmes nos lugares de Santallamar, Cordobelas, Magoira e Os Candales.
341	22799	Promoción e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	2.000,00	SC	Gala do deporte.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

340	22606	Adm. Xeral de deportes.. Organización cursos.	2.000,00	SC	Curso monitor de básquet.
231	22799	Asistencia social primaria. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	18.000,00	SC	Campamento de verán
338	48000	Festas populares. Transferencias a familias e inst. sen fins lucrativos	5.000,00	SC	Premios regata de traiñeiras
TOTAL			1.097.840,45 €		

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais 2021	1.097.840,45
TOTAL		1.097.840,45 €

SEGUNDO. Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e tres (3) abstencións, dúas (2) do PP e unha (1) do BNG, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Rubido Ramonde di: Entendendo que isto é unha cousa do orzamento do 2022, nós ímonos abster porque entendemos que hai outra maneira de repartir o capítulo de inversións para outras prioridades. Polo tanto, ímonos abster.

O Sr. Alcalde di: Vou explicar un pouco esta proposta. O que fixemos foi falar con todas aquelas entidades e asociacións e vimos as melloras que eran necesarias e que se podían meter este ano. Este ano aínda nos podemos permitir co remanente que temos, non hai ese cumprimento da estabilidade orzamentaria e do cumprimento da regra de gasto, co cal, permítenos facer unha serie de inversións a maiores que igual outros anos non puidemos acometer. En investimentos financeiramente sostibles eu teño calculado aquí, máis ou menos, a cantidade, 265.774 euros. En cultura, turismo e xuventude sobre 236.000; en deporte 136.000; en educación 55.000; en infraestruturas municipais sobre 80.000. E despois, varias das partidas que van metidas son en función de liñas de subvencións que están pedidas, como é o tratamento de residuos, no que se pide a recollida separada de biorresiduos que sería para a adquisición de composteiros domésticos, caldeiros para biorresiduos, aireadores, termómetros, atomizadores para compostaxe doméstica, así como actuacións de formación, difusión e seguimento. Tamén para un punto limpo móbil que

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

poidamos ir polas parroquias. Para todas aquelas subvencións que estamos pedindo, PEL ou APROL, está pensado nesa liña. As dúas subvencións que se solicitaron para temas paisaxísticos polo arranxo das fontes e para a cuberta do parque infantil do Floreal. E o que explicaba ó principio, a xestión do Xeoparque se aprobou en Pleno que agora se paga 3 euros por habitante, servizos de limpeza... Algunhas cousas son para complementar o gasto corrente. Parte deste diñeiro témolo metido en gasto corrente, pero permitiríanos meter o gasto corrente noutras cousas. Xa sabemos que temos case 140.000 euros menos en aportacións de gasto corrente da Deputación, con respecto ó ano pasado. Despois dicir que dentro do que é o Concello, levamos presentados tres proxectos para o DUS 5.000 que están presentados dende o día da convocatoria. Suman 2 millóns de euros que nos adiantarían, nun caso o 85% e nos outros dous o 100%, co cal estamos esperando a que se resolvan. Tamén metemos o compromiso de facer un parque infantil no colexio, cambiar o chan do patio do Areal de aglomerado a un chan de formigón. Co compromiso de que o Concello faría unha parte e a Xunta cubriría o patio do Areal. Non sería unha cuberta pechada, sería para ter un patio máis inclusivo que favorecera outro tipo de dinamización dos espazos. Algo moi importante que tamén vai porque nolo pediron os servizos técnicos, é facer un inventario de camiños. A verdade é que o Concello ten bastante demanda niso porque ás veces non somos capaces de clarificar cales son camiños públicos. Así como dúas compras de terreos: o de crónicas, a parte de atrás, para aclarar todo aquilo e poder facer un aparcadoiro público para o casco vello e tamén temos outra solicitude dunha finca colindante que hai ao lado do cemiterio de Régoa. Unha finca que tamén nos permitiría ter alí un aparcadoiro, xa que o que hai é bastante deficitario. Despois metemos outra actuación máis no campo do Castro que tamén esperamos que a Xunta de Galicia siga colaborando, como fixo estes últimos anos, coa súa aportación dende Patrimonio. E tentamos comprar máis terreos porque digamos que estamos esgotando o terreo municipal e creo que é unha boa inversión. Estamos falando con propietarios, nalgúns casos fannos cesións e noutros a xente está disposta a vender. Era un pouco por explicar, por se tiñades algunha dúbida sobre isto.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e tres (3) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. CAMBIO DE USO DE TERREO DOTACIONAL SITO NA RÚA DEPORTES

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de data 13 de abril de 2022, que di:

“Vista a proposta da Alcaldía do 08.04.2022, que di:

“EXPTE.- 2022/U038/000001

Asunto: CAMBIO DE USO DE TERREO DOTACIONAL SITO NA RÚA DEPORTES.

Mediante Providencia de Alcaldía de data 06.04.2022 iniciase expediente de cambio de uso para a parcela dotacional sita en Rúa Deportes, con referencia catastral 6844302NJ7364S0001ZF, solicitando a emisión dos informes xurídicos, económicos e técnicos para o estudo da viabilidade de dita actuación.

Na citada Providencia se indica que Cedeira require dotarse dun centro de día, para o que resulta adecuado habilitar unha edificación para tal uso na referida parcela, e que á vista da existencia dun plan de investimentos denominado “PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA OU AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS SOCIAIS PÚBLICOS

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

MUNICIPAIS CON CARGO A FONDOS EUROPEOS PROCEDENTES DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA NO MARCO DO ACORDO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE FINANCIAMENTO AO ABEIRO DO CONVENIO DO 27.8.2021 ENTRE O MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS E AXENDA 2030 E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA”, á empresa Monteoliva Arquitectura S.L.P. esta a redactar os documentos necesarios para tal fin, que resulta un documento de anteproxecto.

Así mesmo se indica que dita empresa achegou documentación previa en datas 29.03.2022, 30.03.2022 e 31.03.2022, aos efectos de realizar consultas aos servizos técnicos municipais, do que resulta a necesidade de formular un cambio de uso da parcela xa que na actualidade o uso é socio cultural e o uso adecuado sería: USO PRINCIPAL: Equipamento sanitario – asistencial USOS COMPLEMENTARIOS: Equipamento Socio-Cultural.

Visto que en data 07.04.2022 emítese informe polo Arquitecto municipal no que se indica que na citada parcela considerase adecuado implantar unha edificación para centro de día, sendo o uso previsto no Plan Xeral na parcela o de equipamento socio cultural (ES), sen que conste cambio de uso para a mesma, e que dita parcela e o edificio existente nela anteriormente daban servizo á estación de autobuses ate o acordo plenario de reversión de inmovible destinado a estación de autobuses, condicionado a que sobre o espazo do punto de parada de autobuses actual, non se interrompa en ningún momento dito punto de parada de autobuses.

En relación ó anterior, mediante acordo plenario adoptado en sesión ordinaria realizada o 05.07.2018 considerouse resolta a cesión gratuita á Xunta de Galicia do terreo sito na zona do Beco, cunha superficie de 1575 m², realizada na data 27.10.1995 revertindo a favor do Concello de Cedeira a parcela con referencia catastral 6844302NJ7364S0001ZF, finca rexistral número 19528, con todas as súas pertenzas e accesións, garantindo que durante a tramitación do expediente municipal tendente ao outorgamento do correspondente título de ocupación a favor da Administración autonómica sobre o espazo do punto de parada de autobuses actual, non se interrompirá en ningún momento o dito punto de parada de autobuses.

No informe técnico do 07.04.2022 indícase así mesmo que o uso actual para o edificio existente, encaixa no uso actual socio cultural, mentras que o centro de día encaixa no uso sanitario-asistencial, que non consta nos previstos para a parcela, polo que, vistos os usos da parcela, procede o seguinte cambio de uso:

- USO PRINCIPAL: Equipamento sanitario – asistencial
- USOS COMPLEMENTARIOS: Equipamento Socio-Cultural

Indícase no informe técnico que o presente cambio de uso encaixa no suposto do cambio de uso por outro uso dotacional público distinto, manténdose a titularidade pública; que o cumprimento de estándares non se altera respecto ao actual, xa que mantense o uso como equipamento; e que o artigo 42.5 da LSG indica “...sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan..”, inclúe o conxunto de dito procedemento, en particular o referido aos informes sectoriais autonómicos preceptivos, regulado no artigo 60.2 “...O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcurrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable...”.

Conclúese no informe técnico que procede o cambio de uso da parcela conforme ao cadro seguinte:

REF. CATASTRAL: 6844302NJ7364S0001ZF

SUPERFICIE DA PARCELA: 1.476 m² (Datos catastrais)

SITUACIÓN: Rúa Deportes

	PXOM	PROPOSTA
USO PRINCIPAL:	Equipamiento Socio-Cultural	Equipamiento sanitario - asistencial
USOS COMPLEMENTARIOS		Equipamiento Socio-Cultural

Visto que en data 07.04.2022 a Secretaria Municipal emite informe no que se considera que, de acordo co informado polos Servizos Técnicos municipais, non existe inconveniente legal para proceder ao cambio de uso de equipamento socio-cultural ao uso principal de equipamento sanitario asistencial e uso complementario de equipamento socio-cultural da parcela sita en Rúa Deportes, con referencia catastral 6844302NJ7364S0001ZF, debendo o Pleno adoptar o correspondente acordo por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Visto o informe de Intervención de data 08.04.2022.

En base ao exposto, de acordo co previsto no artigo 42.5 da Lei do Solo de Galicia, propono ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo cambio de uso da parcela sita na Rúa Deportes conforme ao cadro seguinte:

REF. CATASTRAL:	6844302NJ7364S0001ZF	
SUPERFICIE DA PARCELA:	1.476 m ² (datos catastrais)	
SITUACIÓN:	Rúa Deportes	
	PXOM	PROPOSTA
USO PRINCIPAL:	Equipamiento Socio-Cultural	Equipamiento sanitario - asistencial
USOS COMPLEMENTARIOS		Equipamiento Socio-Cultural

SEGUNDO.- Que se rectifique o inventario de bens da Corporación Local a efectos de recoller este cambio de uso.

TERCEIRO.- Publicar anuncio do acordo do cambio de uso da parcela no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Comunicar o acordo de cambio de uso á Consellería competente en materia de urbanismo a efectos da inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Comunicar ao Catastro así como ao Rexistro da Propiedade as modificacións efectuadas.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.”

A Comisión por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Rubido Ramonde di: Nós imos apoiar a proposta, parécenos unha proposta axeitada.

O Sr. Alcalde di: Moitísimas grazas. A verdade é que tamén dende o BNG, hoxe cando me chamou María, tamén nos trasladou o seu apoio, aínda que non van poder participar hoxe na votación. A verdade é que por iso se fai este Pleno extraordinario, antes do día 22, porque no anteproxecto que temos que presentar - que estará a disposición vosa en calquera momento, se nolo pedides, volo podemos pasar sen ningún problema - xa ten que aparecer o cambio de uso da parcela. Esta é unha débeda que ten a Administración autonómica, gobernase quen gobernase, dende sempre, sobre todo coa comarca do Ortegal e con Cedeira no servizo da dependencia. Ter polo menos un centro de día, un xeriátrico que, ao final, non deixa de ser un investimento moi grande para poder asumir por un concello. Unha vez que estivo aquí a conselleira, cando foi inaugurada a escola infantil, e a verdade é que a pandemia o que fixo foi retrasar todo isto. O que se proxecta é iso. Buscamos unha ubicación que fose o máis céntrica posible para que a xente poida estar nun entorno máis dinámico e cremos que ó estar ao lado do centro de ocio, das actividades deportivas e do instituto é un bo sitio. A proposta que se vai presentar é unha proposta de 316 m² construídos, dos cales 263 son útiles para unha capacidade de 25 persoas e daría para 7 postos de traballo. Sacaríamos a pérgola que hai por encima do centro de ocio, porque toda aquela parte que se ve está un pouco deteriorada. Moveríamos a zona de xardín para que puideran ter acceso para os autobuses. E levaría a parte as estancias de vestíbulo, recepción, unha parte de ambulatorio, unha sala polivalente comedor, unha zona de rehabilitación, outra de atención controlada, un despacho de atención, outro de dirección, unha sala de curas, dous aseos adaptados, unha cociña, un almacén de cociña, un cuarto de instalacións, un almacén de cuarto de limpeza, un distribuidor de almacén, dous vestiarios e un distribuidor de vestiarios. No seu momento, xa fixemos unha manifestación de interese para solicitar á Xunta de Galicia polo tema dos fondos europeos. Isto ven financiado por fondos europeos e ao final, é un acordo que ten a Fegamp coa Xunta de Galicia onde se vai subvencionar. Cremos que é un proxecto necesario para Cedeira e creo que é algo moi positivo o que toda a Corporación o apoiemos. Isto non é algo só do goberno de turno, senón que é un proxecto de país, de pobo, da nosa xente. Dunha poboación que cada vez, lamentablemente, está máis envellecida e precisamos este servizo de proximidade que é esencial para todos e inexistente agora mesmo. Cando a xente pide a dependencia non pode ir ao centro de día. Nada máis, so darvos as grazas a todos os que votemos a favor do proxecto e esperemos ter a sorte de que sexa un dos proxectos elixidos e, senón, a seguir pelexando para financialo dende o Concello, cofinanciado. Nosoutros tivemos unha reunión no Consorcio, falamos co presidente, porque xa saben que levamos moitos anos, porque xa en gobernos anteriores ao 2015, xa se estaba con interese de facer un centro de día ou un xeriátrico para Cedeira. Incluso no ano 2019, se non recordo mal, o primeiro trimestre fíxose unha recollida de 2.300 sinaturas por diversos colectivos da vila onde se entregaron ao xerente do Consorcio. Aquí é onde se ve a intención que ten a poboación de Cedeira de que contemos cun centro de día. Pola miña parte, nada máis. Darvos as grazas e esperemos ter sorte e ser unha das entidades elixidas. Van a priorizar a aqueles pobos que teñen menos de 10.000 habitantes e van ter moi en conta aqueles lugares onde non haxa centros de día e menos prazas na contorna. Creo que Cedeira cumpre os requisitos.

_____ **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo nos termos nos que quedou transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 10:52 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ